

## **BASES “IV CARREIRA POPULAR DAS PRAIAS”**

ORGANIZA: Peña Barcelonista San Miguel

COLABORA: Café Bar Moderno – Hotel Ría do Masma – Actiboot – Casa Elena Turismo Rural - Vicepresidencia da Deputación de Lugo, Area de cultura e deportes - Concello de Barreiros - Agrupación Protección Civil de Barreiros

DATA: 8 de maio de 2016

HORA: 11 H. Probas infantís – 11.45 H. Probas adultos

LUGAR: PUNTA ANGUIEIRA – SAN BARTOLO – BARREIROS – LUGO

SAIDAS E CHEGADAS: Diante do Hotel Ría do Masma

CRONOMETRAXE: Adultos con chip a través da empresa Prueba-T

### **INSCRIPCIÓNS:**

Inscripción e información a través da web [www.carreirapopular das praias.jimdo.com](http://www.carreirapopular das praias.jimdo.com)

Adultos: 5 €

Nenos ata cadete: gratuíta

O prazo remata o día 5 de maio

Tfnos: 625 82 10 44 - 649 57 13 60

Datos a aportar polos participantes: Apelidos e Nome, DNI, data nacemento, sexo, tfno. contacto, e-mail.

Recollida de dorsais: Día da carreira ata 15 minutos antes da cada proba, na mesa adicada a tal fin na liña de saída.

### **CATEGORIAS E DISTANCIAS:**

- PITUFOS: NADOS 2012 - 2015 / 100 m. – Carreira non competitiva
- PREBENXAMIN: 2009- 2011/ 200 m. – Carreira non competitiva
- BENXAMIN: 2007 – 2008 / 400 m.
- ALEVIN: 2005 – 2006 / 800 m.
- INFANTIL: 2003 - 2004 / 1.200 m.
- CADETE: 1999- 2002 / 2.000 m.

### **PERCORRIDO L – 11 KM**

- ALTAR: 1981 – 1998
- SAN BARTOLO: 1971 – 1980
- REMIOR: 1961 – 1970
- COTO: NACIDOS ANTES DE 1961

### **PERCORRIDO XL = 17 KM**

- FONTELA: 1981 – 1998
- LONGARA: 1971 – 1980
- AS PASADAS: 1961 – 1970
- AREALONGA: NACIDOS ANTES DE 1961

### **PREMIOS:**

Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, tanto masculino como feminino.

Asimesmo haberá premio para os gañadores absolutos masculino e feminino.

A organización ofrecerá obsequios varios e avituallamento ós participantes.

Por tratarse dunha proba deportiva popular non haberá premios en metálico.

### **PERCORRIDOS:**

Os percorridos infantís serán na propia praia de Altar, con varias distancias dependendo das categorías.

Adultos. Nesta edición teremos a eleción dos percorridos, o L e o XL.

O **percorrido L** para as categorías adultas será por un tramo de 200 m. de asfalto, 500 m. por paseo marítimo e un 90% pola praia. Saída de Punta Angueira, diante do Hotel Ría do Masma, percorremos un tramo de estrada e paseo marítimo, baixada á praia de Altar e percorremos ésta ata subida por escaleira ata paseo marítimo, percorrido do mesmo ata baixada a praia de San Bartolo pola fonte de ferro, percorrendo as praias de Remior, Coto, Benquerencia, Balea, Fontela, ata o remate da praia de Lóngara (4,5 km. aproximados de praia , onde haberá un control de paso e avituallamento de auga), volta po-la mesma ruta, agás que na praia de Altar colleremos desvío directo hacia a meta sita no punto de saída.

Avituallamento líquido na praia de Lóngara.

Distancia aproximada 11 km.

O **percorrido XL** para as categorías adultas será o mesmo que o percorrido L, engadindo o tramo dende a praia de Lóngara ata o remate da praia de Arealonga, en Santiago de Reinante, onde estará instalado un control de paso. Ó remate da praia de Lóngara subiremos por un camiño de pescadores, pasamos bordeando punta Corveira, baixada á paraia das Pasadas e nova subida, percorremos un tramo de paseo marítimo dirixíndonos hacia a punta do Castro, seguimos o camiño de pescadores ata coller novamente o paseo marítimo que nos levará ata a praia de Arealonga, que percorrерemos ata o seu final onde haberá un control de paso. Alí daremos a volta e faremos o camiño ó sentido inverso.

Avituallamento líquido na praia de Lóngara, tanto á ida como á volta.

Distancia aproximada 17 km.

**Este percorrido é recomendado para atletas cun estado de forma adecuado, posto que correr por area esixe mellor condición física que o asfalto, igualmente as subidas e baixadas ás distintas praias implican un maior desgaste por parte dos participantes, facéndose algunhas delas por camiños de pescadores e polas propias penas dos cantís. Non acarrea risco pero sí se require unha certa destreza e preparación física.**

Comentar que en zonas de paso máis estreitas do percorrido, en caso de coincidencia de dous atletas en sentido contrario, **terán preferencia os que estén no camiño de volta.**

## **VARIOS:**

Por tratarse dunha proba deportiva e popular, sen ánimo de lucro, a organización non se fai responsable dos danos físicos, materiais, morais e de calquer índole que poidan sufrirlos participantes ou os seus acompañantes.

Os participantes deberán levar sempre visible e na parte dianteira o dorsal que facilitará a organización. En caso contrario poderán ser descalificados, coa conseguinte perda de dereitos.

Os participantes deberán pasar por todo-os puntos sinalados do percorrido. O incumprimento disto dará lugar á descalificación do infractor.

Os participantes poderán ser descalificados por comportamento antideportivo ou outro tipo de accións que a organización considere inapropiadas.

Os participantes aceptan o regulamento desta proba, así como autorizan á organización á publicación de fotografías, vídeos, e clasificacións nas que poidan aparecer.

A organización poderá pedir un documento acreditativo da identidade.

Haberá servizo de duchas no pavillón polideportivo de Barreiros.

Aseos e aparcadoiro na área de Punta Angueira.

Os circuitos poderanse consultar na web da carreira.

# BARREIROS

Benvidos ó teu aire)

RIBADEO

REINANTE (SANTIAGO)

REINANTE (SAN MIGUEL)

SAN COSME

PASADAS

SOUTO

NOGUEIREDO

BARREIROS (SAN COSME)

SUIGREXA

BENQUERENCIA (SAN PEDRO)

REMIOR

SAN BARTOLO

FOZ

Golfo do Masma  
Baños de yodo

MAR CANTÁBRICO



Concello de  
**Barreiros**



Café Bar Moderno; Estrada Xeral, 70 - San Cosme - Barreiros - Tel. 982 12 40 85 - Móvil: 015 092 115 - Fax: 982 12 40 85

Mail: [info@cafemoderno.org](mailto:info@cafemoderno.org) web: [www.cafemoderno.org](http://www.cafemoderno.org)